



**Resolución do 11 de setembro de 2023 pola que se modifica a resolución do 2 de agosto de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE402B).**

### **Antecedentes**

Primeiro.- No Diario Oficial de Galicia número 114 do 16 de xuño de 2023 publicouse a Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE402B).

A concesión destas subvencións será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ata un importe máximo de 2.773.095 €.

Segundo.- Por resolución do 2 de agosto de 2023 do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, se resolve a concesión de subvencións e de desestimación e inadmisión de determinadas solicitudes ao abeiro da citada convocatoria de subvencións.

Terceiro.- A Federación Galega de Esgrima resultou adxudicataria dunha subvención por importe de 162.095,00 €, para o desenvolvemento de 97 grupos de actividade. De conformidade co artigo 15.1 das bases reguladoras destas subvencións, a Federación Galega de Esgrima o 10/08/2023 presenta aceptación expresa da subvención concedida por un importe de 94.221,17€, para o desenvolvemento de 56 grupos de actividade renunciando á diferenza, que ascende ao importe de 67.873,83€.

Cuarto.- Por resolución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 5 de setembro de 2023, aceptouse a renuncia parcial presentada pola Federación Galega de Esgrima por importe de 67.873,83€.

Quinto.- O punto segundo da Resolución do 2 de agosto de 2023, resolve as solicitudes desestimadas por esgotamento de crédito, de conformidade coa puntuación outorgada na Comisión de Valoración celebrada o 20/07/2023. En virtude do crédito excedente resultante da renuncia referida no punto anterior e que ascende a un importe de 67.873,83 €, as entidades solicitantes ás que lle corresponde a subvención serían as seguintes:





Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	N.º grupos actividade x n.º meses	Orzamento Subvencionable (1660€/grupo, max 300.000€)	Subvención proposta	Puntuación
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Squash	G36644680	24	39.840	39.840	40
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Bolos	V36650133	13	21.580	21.580	37,5
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Atletismo	G15103500	65	107.900	6.453,83	37,5
				Total	67.873,83	

No caso da Federación Galega de Atletismo, dado que a subvención proposta se basea no crédito sobrante ata esgotar o crédito dispoñible, implicará o desenvolvemento de como mínimo 4 grupos de actividade/mes, aos efectos da aceptación da subvención.

### Consideracións legais e técnicas

Primeira.- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano competente para ditar as resolucións das solicitudes de subvencións, de acordo co disposto no artigo 7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Pola súa parte, a Subdirección Xeral de Plans e Programas é o órgano competente para a instrución do procedemento, e a Secretaría Xeral para o Deporte formulará a proposta de resolución que elevará, conforme todo o actuado, á persoa titular da Vicepresidencia Primeira, todo isto, en virtude do artigo 6 das bases reguladoras da subvención.

Segunda.- As solicitudes, as actuacións a desenvolver obxecto das solicitudes de subvención, as contías e os trámites dos expedientes axústanse ao establecido na devandita convocatoria e bases reguladoras.

As solicitudes aceptadas foron presentadas dentro do prazo establecido na orde de convocatoria. Examinados os expedientes, comprobouse que as solicitudes para as que se propón subvención compren todos os requisitos establecidos na convocatoria e nas bases reguladoras das citadas subvencións.

De conformidade co artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a modificación da resolución como consecuencia da renuncia parcial da Federación Galega de Esgrima non dana dereitos de terceiros, e non afecta ao resultado da baremación en base á que se lle adjudicou a subvención outorgada, de conformidade cos criterios aplicados que figuran no artigo 8 das bases reguladoras das subvencións destas axudas.





Non figurando no procedemento outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aportadas polos interesados, en base a o anteriormente exposto, en cumprimento do previsto no artigo 11º das bases reguladoras e de conformidade coa proposta da Secretaría Xeral para o Deportes, **RESOLVO**:

Modificar a Resolución do 2 de agosto de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE402B) e conceder a subvención aos beneficiarios citados de seguido, segundo relación ordenada por orde decrecente de puntuación, de conformidade coa acta da Comisión de Valoración do 20/07/2023, e con expresión do nº de grupos de actividade a desenvolver (expresado como o resultado de multiplicar o nº de grupos de actividade/mes polo nº de meses de duración de cada un deles), o importe subvencionable, e a contía outorgada.

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	N.º grupos actividade x n.º meses	Orzamento subvencionable (1660€/grupo, max 300.000€)	Subvención proposta	Puntuación
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Squash	G36644680	24	39.840	39.840	40
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Bolos	V36650133	13	21.580	21.580	37,5
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Atletismo	G15103500	4	6.640	6.453,83	37,5
				Total	67.873,83	

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou ben, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Santiago de Compostela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Diego Calvo Pouso (documento asinado dixitalmente)

